



Rúa Lisboa, 20 – baixo  
15707 Santiago de Compostela  
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938 274  
ceesg@ceesg.org  
www.ceesg.org

## Recordándote Herminio Barreiro; é unha honra terte coñecido

*In memoriam*



Enfrontarse a un papel en branco para expresar todo o que queremos dicir de ti, querido Herminio, é moi duro, académica e emocionalmente.

Academicamente, porque posuías un carácter heroico que adornaba o que contabas como quen fai un pastel con toda delicadeza e coa intención de que saiba doce, rico, apetecible e dixestivo; un falar comprensible e próximo; unha mente privilexiada que che permitía atinar coa frase correcta e as palabras acertadas. Dominabas á perfección a Cultura Xeral, o Sentido Común e a Historia, en letras maiúsculas. Sempre dicías que a historia non só é a que conta o pasado, senón tamén o que vivimos no presente e o que está por chegar. E nas túas palabras: *“a experiencia histórica é o que che dá cientificidade”*. Herminio, ti xa es parte da nosa historia por moitas leccións humanistas e por moitas ensinanzas, pero tamén por facernos ver unha historia activa, deixándonos desexosos/as de descubrir e de seguir indagando, logo das túas interesantes clases, de viaxar no tempo e no espazo contigo a aqueles lugares onde algo xurdiu e supuxo un fito nas Ciencias da Educación en Galicia. Es parte da historia tamén da Educación Social, por entender de maneira tan natural e interiorizada a educación: *“a educación, para todos os que vivimos e traballamos cada día no seu contorno, sempre será unha paixón irrefreable, unha emoción permanente e un sentimento gratificante ao máximo”*. Isto si que é sentimento e *“o demais son contos”*. Tes forza nas túas palabras e vitalidade á hora de falar da educación, co poder dun crente (*“morro cunha fe cega no progreso da humanidade”*) e a temperanza dun home sabedor. A Educación Social queda orfa ao perderte, pero queda co teu legado entusiasta de comprobar que a humanidade progresa axeitadamente, pois deixaches a semente, e os froitos logo han vir.

Emocionalmente, porque aquelas persoas que te coñecemos temos algo pendente contigo, o agradecemento sincero, serio e humilde de quen escoitou ao

mestre dos mestres desde a óptica dunha persoa que está a aprender seguido, e de xeito cotián, modesto, esperanzador, que se presta a todo o que se lle propón e que nunca deixa de ser optimista. *“A educación é hoxe tan indispensable como a auga para beber ou como o aire para respirar...”* con afirmacións como esta, fasnos sacar un sorriso cómplice e un ápice de valentía para seguir polos mesmos derroteiros que ti escolliches, educador de educadores/as, entusiasta con tódolos sentidos.

Coñecías Compostela como a palma da man, e procurabas ensinárnola coa didáctica máis emocionante e máxica que se che ocorría. Era doado atoparte cun cucurucho de castañas pola zona vella compostelana ou saíndo do teatro. Eras un home común, cercano, discreto e directo, que vivías o día a día dunha maneira potencial. E diso se trata, compañeiro, de vivir o cotián como algo exclusivo e singular. Aquela clase en Platerías, no movemento contra a LOU, fíxoche compararnos con Maio do 68, e estabas todo efervescente de que algo así estivese a pasar, de que a universidade espertase por fin. Cantos recordos contigo...!

A memoria agora recolle o que un día fuches, pedagogo infranqueable, colaborador de xornais, radios, programas..., loitador nato no mellor agromio pedagóxico da historia do Estado Español: a Institución Libre de Ensinanza, e tantas outras facetas pedagóxicas, políticas e humanistas.

Escribías na Nota Previa do pequeno libro de *“No solar galego de Camoens”* que é un *“libro de amigos e sobre amigos, de lembranzas e sobre lembranzas ...”*, pois iso Herminio, estas liñas só queren achegarnos un pouco máis a ti como amigo e compartir con quen nos lea estas lembranzas.

Con cariño!

## ACTUACIÓNS REALIZADAS

- Reunión con Dna. Mercedes Suárez, Decana da Facultade de Cc. da Educación da Universidade de Vigo (Campus de Ourense) para presentarlle a proposta de convalidación de título de grado a través de experiencia profesional. Tivo lugar o día 2 de novembro en Ourense.
- Participación na Asemblea Xeral Ordinaria da Plataforma en Defensa do Sistema Público Galego de Servizos Sociais, que tivo lugar o día 4 de novembro en Santiago de Compostela.
- Desenvolvemento da *Sesión formativa sobre Supervisión Psicosocial*, que tivo lugar na sede do Ceesg (Santiago) o día 5 de novembro.
- Carta á Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía Persoal, solicitando información acerca da modificación da RPT da Consellería de Traballo e Benestar, que se propuxera nunha reunión mantida anteriormente, por delegación da Conselleira.
- Escrito á Presidencia da Xunta e á Consellería de Traballo e Benestar como protesta pola situación de precariedade das Casas de Acollda para persoas afectadas de VIH-SIDA de Ourense, Vigo e A Coruña, derivada da reiterada redución de presuposto por parte da Consellería de Traballo e Benestar.
- Reunión de Xunta de Goberno, que tivo lugar o día 19 de novembro na sede do Ceesg (Santiago)
- Convocatoria de Eleccións para a renovación total da Xunta de Goberno do Ceesg.
- Desenvolvemento da *Escola de Outono do Ceesg: Avaliación e informe en Educación Social*, que tivo lugar en Santiago de Compostela os días 18 e 19 de novembro.
- Participación na xornada *O sistema de protección infantil: O menor en conflito social, medidas e perspectivas*. Relatorio na mesa redonda: "A formación do educador social: problemas e perspectivas". A xornada foi organizada pola Facultade de Ciencias da Educación e o Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación da Universidade de A Coruña e tivo lugar na Coruña os días 24 e 25 de novembro.
- Envío do listado de Educadores/as sociais peritos xudiciais á Unión Profesional de Galicia, co obxecto de facer unha publicación que reúna os datos de todas as persoas (de todas as profesións) dispostas a actuar como tal ante xulgados e tribunais.
- Escrito á Secretaría do Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) manifestando o malestar do noso colectivo profesional por ser excluído dunha proposta formativa dirixida a profesionais que traballan na atención a persoas con problemas relacionados co uso de drogas. Na súa resposta, indicaron que non foi intención excluír a ningún perfil profesional e que, aínda que na publicidade non estaban incluídos educadoras/es sociais, sí foron atendidos e admitidos.

## ARTIGO DE INTERESE: Estamos de estrea

O proxecto de modificación da web leva moito tempo xestándose, chegando por fin o momento da súa posta en marcha, despois de máis dun ano de arduo traballo dedicado ao deseño, reestruturación de contidos, e creación de novas ferramentas que nos aproximasen á modalidade de web 2.0. Tiñamos en mente crear un novo portal que constituíse o principal medio de comunicación do Ceesg, un espazo de encontro, de diálogo, de participación e de creación conxunta de Educación Social, unha comunidade aberta e democrática de aprendizaxe e educación ao longo da vida, e, ao mesmo tempo, un instrumento áxil e útil.

Agora comeza unha segunda etapa de promoción e difusión, na que colexiadas e colexiados tedes un papel protagonista, pois agardamos que sexades as principais usuarias e usuarios para facer deste espazo o noso espazo.

No portal incorpóranse ferramentas da web 2.0 que permitirán unha comunicación horizontal non só entre o Colexio e as/os colexiadas/os, senón

tamén entre as propias persoas colexiadas, coa intención de tecer unha ampla rede social que nos interconecte no mundo da Educación Social.

A presentación oficial do portal será o día 16 de decembro en Santiago de Compostela á que estades todas e todos convidados, para o que vos informaremos por correo-e do lugar e hora exactos; estade atentas/os!!!

Agardamos que vos guste o resultado, e poder ir mellorándoa entre todas e todos para que acade a finalidade para a que foi deseñada.



Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

## FORMACIÓN CONTINUA

### SIMPOSIO:

**O Sistema de Servizos Sociais a debate**

**Organiza:** Instituto Galego de Estudos Europeos e Autonómicos (IGEIA) e Deputación Provincial de Lugo.

**Lugar:** Lugo (Salón de Actos da Cámara de Comercio. Av. Ramón Ferreiro, 18)

**Data:** 16 de decembro.

### Información e inscrición:

IGEIA | Tif. 981977071 | igea@igea.eu.com

**CURSO:** Iniciar un proxecto de mediación sociosanitaria e prevención de VIH/SIDA en entornos multiculturais

**Organiza:** Sergas (Servizo Galego de Saúde)

**Lugar:** Hospital Clínico Universitario de Santiago (CHUS) Aula 1. 1ª Planta. Edificio docencia.

**Datas:** 11 e 12 de decembro.

### Información e Inscricións:

Escola Galega de Saúde para Cidadáns (Sergas)  
www.sergas.es

## NOVAS DOS BOLETÍNS

### EMPREGO

**Concello de Touro (A Coruña):** Oferta de emprego público. Un posto de Educador/a familiar. Un posto de Axente de emprego e desenvolvemento local. DOG 02/11/10

**Concello de A Laracha (A Coruña):** Oferta de emprego público. Un posto de Técnico/a cultura. Un posto de Axente de Desenvolvemento local e emprego. Un posto de Técnico/a medio de servizos sociais. BOP 16/11/10

**Concello de Brión (A Coruña):** Resolución referente á convocatoria para prover varias prazas. Unha praza de Animador/a cultural. BOE 25/11/10

**Concello de Bóveda (Lugo):** Bases e convocatoria para a contratación, en réxime de persoal laboral temporal, de Traballador/a socio-cultural. BOP 30/11/10

### OUTROS

**Xefatura do Estado:** Instrumento de Ratificación do Convenio do Consello de Europa para a protección dos nenos contra a explotación e o abuso sexual, feito en Lanzarote o 25 de outubro de 2007. BOE 12/11/10

**Ministerio de Cultura:** Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas en réxime de concorrencia competitiva do Ministerio de Cultura e dos seus organismos públicos. BOE 13/11/10

**Comunidade Autónoma de Galicia:** Lei 7/2010, de 15 de outubro, pola que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e a Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. BOE 16/11/10

**Ministerio de Educación:** Orde pola que se crea o Foro para a Inclusión Educativa do Alumnado con Discapacidade e se establecen as súas competencias, estrutura e réxime de funcionamento. BOE 18/11/10

**Consellería de Traballo e Benestar:** Orde pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 18/11/10

**Ministerio de Igualdade:** Resolución pola que se publica o Convenio de colaboración coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a realización de actuacións encamiñadas a garantir ás mulleres vítimas de violencia de xénero o dereito á asistencia social integral e actuacións de atención especializada a menores expostos a violencia de xénero. BOE 22/11/10

**Ministerio de Traballo e Inmigración:** Resolución pola que se convocan para 2011 axudas para actividades asistenciais e de atención do Programa de maiores e dependentes da Orde TAS/874/2007, de 28 de marzo. BOE 24/11/10

**Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade:** Resolución pola que se publica o Acordo sobre os criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e o importe das prestacións económicas para as persoas recoñecidas en situación de dependencia en grado I. BOE 24/11/10

**Deputación de Ourense:** Bases reguladoras da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións a concellos para a organización de actividades culturais e recreativas 2011. BOP 29/11/10



## aviso

- O vindeiro **11 de febreiro** en Santiago de Compostela serán as **eleccións do Ceessg**. O censo electoral está dispoñible para a súa consulta na sede do Ceessg e proximamente estará dispoñible na nova web. O **prazo para o envío de candidaturas xa está aberto** e finaliza o día 27 de decembro.

# PROTEXE A TUA PRÁCTICA PROFESIONAL POR MOI POUCO

Como saberás, o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (Ceesg) debe velar polos intereses das súas colexiadas e colexiados e ordenar o exercicio da profesión.

Nesta liña, un dos mellores servizos que vos ofrecemos actualmente é o Seguro de Responsabilidade Profesional.

¿Para que serve un Seguro de Responsabilidade Profesional? Estes seguros protéxenos e respaldan a nosa práctica ante demandas, reclamacións, danos involuntarios ou calquera posible erro profesional...

Non estamos libres de que calquera das nosas intervencións profesionais teñan consecuencias non desexadas, xa sexa nas persoas coas que traballamos ou nos seus bens, e pode supoñer que teñamos que responder incluso co noso patrimonio e os nosos ingresos.

Este tipo de seguros contratados de xeito individual nas aseguradoras son caros (poden oscilar entre os 100 e os 300 euros).

Por iso, o Ceesg ten un acordo de póliza de seguro de responsabilidade civil profesional conxunta, para todo o colectivo de educadores/as sociais colexiados/as que estean interesadas/os.

**Podes estar asegurada/o por 9 EUROS AO ANO e cunhas altas coberturas.**

Actualmente estamos negociando o prezo do seguro para o exercicio 2011, que se vería máis reducido canto maior sexa o número de persoas aseguradas. Se se acada un número importante de asegurados/as, poderemos ademais negociar melloras na póliza, polo que, **se estás interesado/a en subscribir o seguro para o 2011, ponte en contacto connosco**, remitindo o boletín de subscripción por correo postal, fax (981 93 82 74) ou correo-e ([ceesg@ceesg.org](mailto:ceesg@ceesg.org)).

**¿Onde vas a atopar un seguro mellor que o que che ofrece o teu Colexio?  
¡Aprovéitao!**

**Consulta as súas coberturas e boletín de inscrición no apartado “Servizos / Seguro de Responsabilidade Profesional” da nosa web [ceesg.org](http://ceesg.org).**